

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE XANEIRO DE 2012**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de xaneiro deste ano, baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa en funcións, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión a Letrada Asesora, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 28 de decembro de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación, e de licenza de obras, para unha corte e fosa de zurro en Santa Cristina de San Román, número 4.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para agregación e posterior segregación das parcelas 255 e 253 do polígono 480 de Gude-Romeán; para parcelamento da parcela matriz sita na avda. Benigno Rivera, número 7, e de obras de división de nave con licenzas números 57/04 e 1.494/05 e para a construción dunha vivenda unifamiliar que se vai situar na rúa Couto Grande, número 12, parcela 45, polígono 2, sector Sur-B Louzaneta-Areeiras.

### **ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E AXENDA 21**

**3. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación inicial do proxecto de obras ordinarias “Conexión exterior de la urbanización sector Norte H (polígono 1)”.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do procedemento de licitación para a autorización do aproveitamento

especial de varios espazos de dominio público municipal, na rúa San Marcos do Concello de Lugo, mediante a instalación de terrazas e cadeiras.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a anulación da liquidación número 4971450, en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe de 20.205,80 €, ó renunciar á licenza de obras outorgada para construír tres sotos para garaxe aparcadoiro privado na parcela de substitución 4 da U.A. N-7.

Tamén se acorda a regularización de situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse a licenza de obras solicitada para construción de edificio na rúa Menorca esquina rúa Milagrosa, parcela 3 da Unidade de Actuación CN-9.

Así mesmo, acordase a regularización de situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse a licenza de obras solicitada para a demolición de edificio sito na rúa Bolaño Rivadeneira, 12.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a aprobación definitiva da resolución do contrato por mutuo acordo contratación das obras de accesibilidade en viario.
- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura e a aprobación da forma de compensación.

Lugo, 9 de xaneiro de 2012  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García